



O Cabido da Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia, acordou por unanimidade, presentar alegacións contra a autorización de vertido de augas residuais industriais e posterior explotación da mina de S. Finx en Lousame, estas alegacións serán presentada polos xervizos xurídicos da Confraría en nome de todos os socios/as da entidade, si alguén non quere que o representemos debe avisarnos antes do 26 de Novembro.

Os informes elaborados por técnicos especialistas contratados para estudar o proxecto piloto realizado pola empresa TUNGSTEN SAN FINX S.L, poñen de manifesto que se vertirán metais pesados á Ría de Muros-Noia, especialmente cadmio e zinc, en concentracións superiores as establecidas nas Normas de Calidade Ambiental-Media Anual (NCA-MA) para España.

Son singinicas a falta dun plan de eliminación segura de lodos e metais pesados que se acumularán nos estanques de sedimentación e na planta de tratamento de auga, entre outras importantes deficiencias da proposta de reapertura da mina, que se porán de manifesto no escrito de alegacións que os servizos xurídicos da Confraría presentarán en breve.

Asi mesmo solicitamos que a explotación da mina sexa sometida a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme á Lei 21/2013, xa que este pode implicar un incremento significativo dos vertidos a cauces públicos, que pode ter efectos adversos significativos sobre o medio ambiente Art.7.2.c e por representar a extracción de máis de 1 hectómetro cúbico de augas subterráneas.

Obviase a existencia e posibles afeccións das dúas presas de residuos mineiros no cauce do río que pasa pola mina, construídas cando comezou a actividade da mesma e que unha delas está colmatada e con grave risco de derrubamento.

A Ría está en grave perigo de contaminación, perigan a produción sostible dos recurso marisqueiros, incompatible cunha actividade de explotación que a propia empresa reconece graves vertidos no proxecto piloto que elaborou ela mesma.

Loitaremos na defensa da Ría, do noso medio de traballo e das xeracións vindeiras, da nosa saúde ante quen pretenda danar e perxudicar o noso futuro.

A Confraría

